

# Colección de pipas de espuma de mar do Museo Provincial de Lugo

---

M.<sup>a</sup> del Rosario Fernández González

**Resumo:** A colección de pipas de espuma de mar do Museo Provincial de Lugo componse de sete pezas, todas elas datadas cara a mediados do século XIX. A maioría ingresaron no centro a través de adquisicións feitas case na súa totalidade nos anos 60 do século XX.

A espuma de mar, chamada popularmente “a deusa branca” é un mineral brando que lle debe a súa orixe á sedimentación calcárea de fósiles mariños.

**Resumen:** La colección de pipas de espuma de mar del Museo Provincial de Lugo se compone de siete piezas, todas ellas datadas hacia mediados del siglo XIX. La mayoría ingresaron en el centro a través de adquisiciones realizadas casi en su totalidad en los años 60 del siglo XX.

*La espuma de mar, llamada popularmente “la diosa blanca” es un mineral blando que debe su origen a la sedimentación calcárea de fósiles marinos.*

*“... A pipa distrae; despexa a intelixencia; entretén o apetito, aínda que por un curto espazo de tempo; é a compañeira do fumador; alivia os seus pesares e disipa as súas tristezas; o salvaxe nos seus momentos de ocio non pensa máis que nela; para o turco e o árabe é o manancial das súas delicias; en Alemaña, en Suíza, en Francia e ata en España, o sabio que descobre ou analiza, o mesmo que o home que estuda, envoltos entre libros e papeis e no fume da súa pipa, parece formar un todo indivisible de cuxo conxunto ha de brotar a luz...”.*

*Diccionario Enciclopédico Hispano Americano. S. XIX.*

A **espuma de mar** é un mineral brando, chamado popularmente “a deusa branca” cuxo nome científico é *Hydrous Magnesium Silcate*. Debe a súa orixe á sedimentación calcárea de fósiles mariños e é unha das substancias máis porosas da natureza. É un material moi lixeiro e duro que no contacto coa auga se abranda moito facilitando o proceso de talla.

Sobre a orixe do seu nome existen multitude de teorías pero a máis veraz parece ser a que fai referencia a un grupo de mariñeiros turcos que, ao remataren a súa xornada, atoparan flotando

sobre as augas do Mar Negro fragmentos deste material, confundíndoos coa verdadeira espuma do océano.

Joaquín Verdaguer, no seu libro “A arte de fumar en pipa”, di acerca das pipas de espuma de mar:

“... é agora branca como o leite, pero dentro dalgúns días tomará unha tinguidura crema; varios meses despois será loura dourada e, un día afastado, dentro dun ano ou dous, terá a súa pipa unha fermosa cor castaña dourada...”.

O xacemento máis importante deste mineral atópase en Turquía, nunha meseta situada a 400 km de Estambul. Menos abundante atópase en Grecia (nas illas de Eubea e Samos) e en Moravia (en Hrubshitz). Escasamente hai en Francia, España (en Madrid: Vallecas, Torrejón de Ardoz, Ciempozuelos e Paracuellos del Jarama; e en Toledo), Marrocos e Estados Unidos (Pensilvania e Carolina do Sur).

Austria e Alemaña foron os países cuxos artesáns, agrupados nun complexo sistema de mestres e aprendices, academias e institutos, realizaron os máis exquisitos exemplares de pipas de espuma de mar.

Os motivos máis representados son personaxes mitolóxicos, bíblicos, de fábulas, pezas de exposicións internacionais, reproducións de obxectos artísticos famosos, flores, etc.

As bocas das “verdadeiras” pipas, talladas maioritariamente durante os séculos XVIII e XIX, eran de ámbar en tonalidades que oscilaban entre os amarelos, laranxas e tons máis avermellados. Posteriormente, ante a escaseza e o elevado custo dese material, empezaron a utilizarse outros materiais máis alcanzables como o corno, o celuloide ou a goma endurecida.

No número un da revista *Pipe Smoker* recóllese a pipa máis cara do mundo, segundo o *Libro Guinness de los Records*; é un exemplar de espuma de mar turco chamado Marco Antonio e Cleopatra, de 38 cm de longo, que foi ofrecido á venda por 15.000 dólares.

## Colección de pipas de espuma de mar do Museo Provincial de Lugo

O conxunto componse de sete pezas, todas elas datadas cara a mediados do século XIX. A maioría ingresaron no museo a través de adquisicións realizadas case na súa totalidade nos anos 60 do século XX. A última entrada é unha doazón realizada en 2006 por D.ª Purificación Gómez Neira.



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 100

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** cazoleta en forma de capullo de flor (posiblemente da familia Iridaceae, especie Iris xermánica) e boca realizada en pasta.

Consérvase o seu estoxo de madeira forrado de coiro e cuberto de veludo vermello no seu interior.

**Dimensións:** 8,5 × 4 cm

**Estado de conservación:** bo

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** adquisición

**Data de ingreso:** 4 de abril de 1963



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 103

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** tubo da cazoleta con incisións e unha escena de cazador de poboados bigotes, descansando sobre a súa escopeta e acompañado polo seu can.

**Dimensións:** 13,8 × 6 cm

**Estado de conservación:** bo

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** adquisición

**Data de ingreso:** 22 de maio de 1964



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 101

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** o tubo da cazoleta está decorado con pequenos motivos vexetais sobre os que hai un grupo formado por un jockey co seu cabalo.

**Dimensións:** 6,2 × 2 cm

**Estado de conservación:** o cabalo ten as patas traseiras fracturadas

**Localización:** sala 22 “abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** adquisición

**Data de ingreso:** 22 de maio de 1964



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 102

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar e boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** a cazoleta está decorada cunha flor tallada forma un gran capullo ao que se agarra unha serea de longos cabelos.

**Dimensións:** 11 × 5,5 cm

**Estado de conservación:** bo

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** adquisición

**Data de ingreso:** 14 de novembro de 1964



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 108

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** boca de pasta comunicada coa cazoleta por un tubo de espuma de mar tallado en forma de garra de ave. Cazoleta periforme.

A pipa conserva o seu estoxo realizado en coiro polo exterior e de veludo no interior.

**Dimensións:** 13 × 4 cm

**Estado de conservación:** bo

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** adquisición

**Data de ingreso:** 22 de maio de 1964



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 109

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** toda a lonxitude do tubo da cazoleta está tallado cunha garra de ave da que sae unha cabeza feminina de trazos orientais tocada cunha pluma.

**Dimensións:** 8 × 5 cm

**Estado de conservación:** carece de boca case na súa totalidade

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** descoñécese

**Data de ingreso:** descoñécese



**Obxecto:** pipa

**N.º de inventario:** 106

**Material:** tubo e cazoleta de espuma de mar; boca de pasta

**Data de fabricación:** s. XIX

**Descrición:** cazoleta cuxa base está decorada con ornamentación musulmá de lacerías e ataurique. Remata cunha representación dun espido feminino con longos cabelos ondulados e cinguidos na fronte cun diadema de acios de uvas e pámpanos.

A boca da muller posúe un pequeno orificio polo que sae o fume que desprende a pipa ao estar acendida, o cal dota o obxecto de gran sensualidade.

A peza conserva a súa funda de pel trezada.

**Dimensións:** 10 × 8 cm

**Estado de conservación:** falta parte da boca, a man esquerda ten dous dedos fracturados, ambos os dous pés tamén carecen dalgunhas dedas e a perna esquerda posúe unha rotura á altura do xeonllo.

**Localización:** sala 22 “Abanos, reloxos e retratos”

**Forma de ingreso:** doazón de D.ª Purificación Gómez Neira

**Data de ingreso:** 7 de setembro de 2006